



Sr. Xefe do Servizo de Calidade Ambiental
Delegación Territorial en Ourense
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e
Infraestruturas

ASUNTO: Verquido de entullos en terreo forestal en Parada e Piñor

Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN, na súa cualidade de Presidente da Asociación,

EXPÓN:

1. Que SGHN presentou o pasado 30-06-2015 un escrito comunicando a vertedura de entullos de construción/demolición nunha charca en Parada e Piñor, concretamente no predio de uso forestal do Concello de Barbadás, polígono 9 parcela 290.
2. Que o SEPRONA informou a SGHN no mes de xullo que visitaran a zona, tomaran fotografías, identificaran ao responsable e fixeran informe que remitiron ao Concello de Barbadás e á Delegación Territorial da Consellería de Medio Ambiente por mala xestión de residuos.
3. Que ata o momento SGHN non recibiu notificación algunha dos servizos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en Ourense.

Polo cal

SOLICITA:

1. Que informe a SGHN das xestións levadas a cabo ao respecto polos servizos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en Ourense e dos seus resultados.
2. Que den trámite de audiencia á SGHN para a consulta do expediente.

En Santiago, a 12 de novembro de 2015

O Presidente da SGHN

Serafín González Prieto

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REGISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 12/11/2015 11:11:14

ENTRADA 25161 / RX 2277022

